

**CONCURSO DE ANTEPROXECTOS DE MODULO  
VIVENDA EN MADEIRA, CONCURSO DE DISEÑO DE  
ELEMENTOS DE MOBILIARIO PARA ESPACIOS  
PÚBLICOS, CONCURSO DE DESEÑO DE MODULO  
UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL EN MADEIRA E  
PREMIO PARA A REHABILITACIÓN E A  
RECONSTRUÇÃO EN MADEIRA**



## ÍNDICE

<b>BASES DO CONCURSO.....</b>	<b>03</b>
<b>ANEXO I: MODELO DE INSCRICIÓN.....</b>	<b>14</b>
<b>ANEXO II: FICHA DE IDENTIFICACIÓN DO CONCURSANTE .....</b>	<b>15</b>
<b>ANEXO III: NORMATIVA DE APLICACIÓN.....</b>	<b>16</b>

## **BASES DO CONCURSO**

### **A) PRIMEIRA PARTE.- NORMAS DO CONCURSO**

#### **0.- ENTIDADE CONVOCANTE**

---

Convoca o FORO DA MADEIRA, agrupación voluntaria sen ánimo de lucro integrada polas Consellerías de Vivenda e Solo, Innovación e industria e Medio Rural, e polas empresas e institucións do sector da madeira, Cluster da Madeira, FEARMAGA, FECEG e Monte-Industria.

#### **1.- OBXECTO**

---

O FORO DA MADEIRA convoca o presente concurso coa finalidade de fomentar e potenciar o uso da madeira no mundo da construción, e do mobiliario para espazos públicos.

Para elo establecense catro categorías independentes de participación:

##### ***MÓDULO VIVENDA:***

Para a selección dun anteproxecto de vivenda denominada "Módulo Básico", con utilización da madeira en elementos estruturais e compoñentes construtivos e que permitan a optimización da vivenda producida en serie, aproveitando as súas vantaxes de lixeireza, traballabilidade e resistencia, en combinación con outros materiais e sistemas.

A situación desta para a presentación a concurso será de libre elección polos concursantes, valorándose en todo caso a adaptabilidade da proposta presentada a distintos terreos e superficies, debendo ser esta modulable e adaptarse a diferentes situacións, parcelas, orientacións e modos de vida.

##### ***MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS:***

Para a selección dunha serie de elementos deseñados en madeira que permitan a súa futura integración na urbanización integral de espazos libres de uso público (parques, xardíns, prazas, pequenos espazos urbanos e rurais,...), que teñan relevancia polo seu deseño, e tódolos elementos constitutivos do espazo público (mobiliario, quioscos, paradas de transporte público, medianeiras, muros,...)

Valoraranse positivamente os traballos que favorezan a innovación estética, as posibilidades funcionais e a facilidade de uso e mantemento.

### **MÓDULO UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL:**

Para a selección dun anteproxecto de prototipo de nave agrogandeira e/ou forestal experimental, con utilización da madeira en elementos estruturais e compoñentes construtivos e que permitan a súa optimización producida en serie, aproveitando as súas vantaxes de lixeireza, traballabilidade, resistencia e autoconstrución, con posibilidade de crecemento e adecuación as necesidades funcionais.

### **REHABILITAR EN MADEIRA:**

Poderán concursar nestes premios os edificios rehabilitados ou reconstruídos existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nos que a madeira xogase un papel predominante ou característico.

Deberán ser proxectos xa executados e finalizados de edificacións de uso residencial, institucional, comercial, industrial ou outros.

## **2.- PROGRAMA DE NECESIDADES**

---

### **MÓDULO VIVENDA:**

En canto á selección do Prototipo de Vivenda unifamiliar, a continuación indícanse as DEPENDENCIAS NECESARIAS, sen estimación concreta de superficie:

#### OPCIÓN 1:

- cocina
- salón
- baño
- 2 dormitorios
- área de lavado
- rocho
- garaxe
- espazos de almacenaxe

#### OPCIÓN 2 (FAMILIA NUMEROSA)

- cocina
- salón
- 2 baños
- 3 dormitorios
- área de lavado
- rocho
- garaxe
- espazos de almacenaxe

Sen entrar a detallar as superficies de cada estancia, trataríase dun vivenda unifamiliar formada por un máximo de 5 integrantes con fillos de ambos os dous sexos, cun límite aproximado total duns 45 - 120 m<sup>2</sup> útiles de programa específico da vivenda. Debendo terse en conta o cumprimento das Normas do habitat galego (NHG), así como demais normativas de obrigado cumprimento

ORZAMENTO ESTIMATIVO: o presuposto de execución material axustarase a uns 600 euros/m<sup>2</sup>

### **MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS:**

En canto ao deseño dos mobiliario espazos públicos estes serán de libre elección, tanto en tamaño como en número de elementos construtivos a deseñar.

### **MODULO UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL:**

Os traballos definirán solucións modulares para construcións adicadas á actividade agrícola, gandeira e/ou forestal, incluíndo as destinadas á produción, almacéns, puntos de encontro das brigadas de incendios, casetas de vixiancia, etc., debendo detallar as instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento.

Tódalas propostas (independentemente da súa natureza) xustificarán as esixencias mínimas en canto ás edificacións contidas na Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os anteproxectos que desenvolvan solucións para construcións adicadas á gandeiría, terán en conta as indicacións da normativa aplicable no eido do benestar animal.

No caso das casetas de vixiancia e dos puntos de encontro, os traballos presentados a concurso desenvolverán o seguinte programa de necesidades:

#### A) Casetas de vixiancia:

- Estarán situadas en sitio con boa visibilidade, normalmente cumios de montaña.
- Terán dúas plantas, a planta inferior dotárase dun espazo almacén, mentres que a planta alta constituirá o lugar de actividade.
- Estarán dotadas das instalacións mínimas necesarias para o desenvolvemento das labores de vixiancia: mobiliario, aseo, calefacción, electricidade, auga, saneamento e pararraios.
- Contarán con fiestras en tódolos laterais.

#### B) Puntos de encontro:

- Capacidade para acoller ata 10 persoas.
- Dependencias mínimas: sala de estar, almacén de ferramentas, aseos e vestiarios homes/mulleres.
- Estarán dotadas das instalacións mínimas necesarias: mobiliario, calefacción, electricidade, auga, saneamento e pararraios.

## **3.- TIPO DE CONCURSO**

---

O presente concurso de ideas desenrolarase aberto e nunha soa fase, e ten carácter privado. Rexerase por o descrito no presente prego, quedando a secretaría do concurso e, no seu momento, o xurado, facultados para resolver cantos aspectos non se atopen explicitamente indicados, tomando en calquera caso como referencia de actuación a lexislación civil, mercantil e administrativa en materia de contratación. Todas as decisións que no seu caso deban tomar respectarán os principios de publicidade e non discriminación duns concursantes respecto a outros.

## **4.- CONCURSANTES**

---

a) Para o concurso **MODULO DE VIVENDA**, poderán participar todos aqueles profesionais cúa actividade teña relación co obxecto do concurso, sendo imprescindible no seu caso que

o gañador cumpra axeitadamente con todos os requisitos esixibles para o exercicio dunha actividade profesional, como condición necesaria para a súa contratación.

b) Para o concurso **MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS**, poderán presentarse todos aqueles profesionais cuxa actividade teña relación co obxecto do concurso, que non posúan ningunha causa de incompatibilidade para cumprir co obxecto do contrato.

c) Para o concurso **MÓDULO UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL**, poderán presentarse todos aqueles profesionais cuxa actividade teña relación co obxecto do concurso, que non posúan ningunha causa de incompatibilidade para cumprir co obxecto do contrato.

En todos os casos:

É imprescindible tanto no caso de persoas naturais como xurídicas, que teñan plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato. Non podendo participar aqueles que se atopen en situación de incompatibilidade profesional ou legal respecto do traballo obxecto do concurso.

Cada participante só poderá formar parte dun único equipo, ben sexa como titular ou como colaborador, e só poderá presentar unha proposta.

Admítese tamén a participación de agrupacións de empresas que adopten a forma de UTE (Unión Temporal de empresas).

Non poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao. Esta circunstancia deberá acreditarse, mediante declaración responsable, como paso previo á percepción do premio.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

d) Para o concurso **REHABILITAR EN MADEIRA**, poderán presentarse todos os proxectos de rehabilitación ou reconstrución executados e finalizados, ben polo arquitecto/s autor/es do proxecto ou por terceira persoa co consentimento por escrito do arquitecto/s autor/es do proxecto. Cando existan varios arquitectos autores do proxecto deberán presentarse conxuntamente ou por un deles co consentimento dos demais.

## **5.- CALENDARIO e INSCRICIÓN**

---

### **5.1.- DE INSCRICIÓN E ADMISIÓN DE CONCURSANTES**

A inscrición formalizarase mediante un boletín segundo anexo I que figura ao final destas bases, onde se establecerá o LEMA co que o concursante participará e un correo electrónico ou fax para que poidan realizarse as notificacións pertinentes, así mesmo, de acordo co modelo de boletín que se anexiona deberá designarse a un arquitecto residente en Galicia para participar no xurado en representación dos concursantes.

Non poderá figurar dato ningún que poida identificar o participante e romper o anonimato. O PRAZO DE INSCRICIÓN finalizará o 14 de agosto as 14:00 horas.



#### 5.2.- LUGAR DE INSCRICIÓN:

En man: no Cis Madeira, Parque Tecnolóxico de Galicia - 32901 San Cibrao das Viñas – Ourense. Teléfono: 988368152

Por fax: enviando un fax coa inscrición ao número 988 368153

Por correo electrónico: [info@cismadeira.com](mailto:info@cismadeira.com)

#### 5.3.- LISTA DE ADMITIDOS:

Tras a comprobación do cumprimento dos requisitos de inscrición, a Secretaría do concurso notificará aos non admitidos a devandita circunstancia a través do correo electrónico indicado na inscrición, con indicación dos motivos que en cada caso o xustifican.

Non será válida ningunha inscrición que non fose formalizada nestes termos, tanto no que fai a datos do boletín, como a prazos e formas de envío.

#### 5.4.- OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN

A documentación completa do concurso atoparase na páxina web do Concurso dende o momento do seu lanzamento e poderá ser consultada libremente por calquera interesado, aínda cando non formalizara a súa inscrición.

En caso de ter dificultades para descargar a documentación da web, os inscritos poderán solicitar a Secretaría do concurso un CD co mesmo contido que o colgado na web, que terá saída no prazo de cinco días dende a recepción da petición realizada por correo electrónico e á dirección postal indicada neste.

#### 5.5.- INFORMACIÓN E CONSULTAS

Ata o 14 de setembro poderanse realizar consultas, sempre a través de correo electrónico. Remítirase a cada un dos concursantes admitidos, exclusivamente mediante correo electrónico, relación completa e anónima das consultas e aclaracións realizadas. Esta mesma información será publicada simultaneamente na páxina web do concurso. As referidas consultas serán analizadas e contestadas pola Secretaría do concurso, que poderá solicitar canto asesoramento técnico considere oportuno.

A lista de preguntas e respostas, xunto coas bases completas, será facilitada no momento da súa constitución ao xurado do concurso. As consideracións que se deriven destas consultas terán carácter de obrigado cumprimento para o convocante.

#### 5.6.- DE DESENVOLVEMENTO E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

A data límite para a presentación de propostas será o 31 de outubro de 2008

A documentación poderase entregar:

En man: no Cis Madeira, Parque Tecnolóxico de Galicia - 32901 San Cibrao das Viñas – Ourense. Teléfono: 988368152

Por Correo ou mensaxería: nun sobre opaco e pechado que remitirase á dirección do Cis Madeira, Parque Tecnolóxico de Galicia - 32901 San Cibrao das Viñas – Ourense. Cando a inscrición se remita por correo deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar o envío o Cis Madeira antes das 14 horas do 31 de outubro mediante fax: +34 988368153, no devandito fax deberá figurar unicamente **“CONCURSO DE ANTEPROXECTOS DE VIVENDA EXPERIMENTAL EN MADEIRA, CONCURSO DE DISEÑO DE ELEMENTOS DE MOBILIARIO ESPACIOS PÚBLICOS, CONCURSO DE DISEÑO DE MODULO UNIDADES DOTACIONAIS EN MADEIRA E PREMIO PARA A REHABILITACIÓN E A RECONSTRUCCIÓN EN MADEIRA”** coa indicación do lema e da categoría do concurso ao que se presenta. Se no devandito fax figurase algún dato que puidese romper o anonimato, serán excluídos. En todo caso, se a Secretaria do concurso non recibise a documentación remitida por correo e anunciada por fax antes do día 10 de novembro, esta será rexeitada por extemporánea.

Finalizado este prazo, o secretario do Concurso levantará a acta de recepción en que se consignará o número de traballos recibidos e os seus lemas.

## **6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

---

Presentarase a seguinte documentación indicando no envoltorio ou paquete en que se presente a modalidade do concurso ao que se presenta (MÓDULO DE VIVENDA, MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS, MODULO INSTALACIONES DOTACIONAIS NO RURAL OU REHABILITAR EN MADEIRA).

### **MÓDULO VIVENDA:**

PANEIS: presentarase ata un máximo de 3 paneis tamaño DIN-A1 (594 x 840 mm) montado en taboleiro lixeiro de cartón pluma. Nos paneis incluírase tanto a documentación gráfica como a Memoria da Proposta.

Incluírá como mínimo:

- Plantas, seccións, alzados e perspectivas necesarias para o correcto entendemento da proposta.
- Memoria descritiva.
- Detalles construtivos, coas especificacións técnicas correspondentes.

Ademais:

- A escala e a técnica a empregar serán libres. Non se admitirán maquetas, aínda que si fotos destas.
- A Memoria explicativa e xustificativa da proposta conterá cadro de superficies útiles e construídas pormenorizado, características construtivas xerais, así como avance xustificado do presuposto de execución material das obras. Os paneis, en formato A-1, serán ríxidos, planos e resistentes. O desenvolvemento farase en vertical e irán numerados. O lema elixido irá situado na parte superior esquerda de cada panel.

DOSSIER: O contido do dossier en formato A-3 coincidirá coa información contida nos paneis, tanto de Documentación Gráfica coma de Memoria. Toda a información gráfica irá acompañada da correspondente escala gráfica.

O lema elixido polos concursantes haberá de figurar na parte superior esquerda de cada unha das páxinas.

DOCUMENTACIÓN EN CD: ademais dos paneis, e incluído noutro sobre diferente, achegarase un CD que conterá os paneis en arquivos independentes coas seguintes características: formato .PDF, tamaño A-4, capas acopladas e unha resolución máxima de 1200 d.p.i. Así mesmo incluírase a Memoria en formato .DOC.

Estes arquivos empregaranse por un lado para posibles publicacións e por outro para compilar un CD que conteña todas as propostas.

SOBRE DE IDENTIFICACIÓN: no interior do sobre pechado incluírase, en formato A-4, a ficha de identificación do concursante (anexo II) cos seguintes datos:

- Nome do concursante ou, no seu caso, do representante do equipo.
- Nome do resto de compoñentes do equipo.
- Número de Colexiado e Colexio do representante do equipo en caso de ser arquitecto
- Lema elixido polo concursante ou equipo, situado na esquina superior esquerda.

No exterior do sobre aparecerá, no ángulo superior esquerdo, o lema da proposta como única identificación e a referencia "MÓDULO VIVENDA". No caso de que o concursante desexa permanecer no anonimato, unha vez producido o fallo, fará constar o seu desexo baixo o lema. As propostas premiadas ou mencionadas non poderán permanecer anónimas.

#### **MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS:**

PANEIS: presentárase un só cartón pluma formato DIN-A3, con explicación do proxecto, debuxos, imaxes dixitais ou fotos da proposta de deseño.

MAQUETA: presentárase unha maqueta do deseño

DOCUMENTACIÓN: memoria explicativa en formato papel, coa descrición do proxecto, planos e indicacións que permitan a definición do proxecto deseñado.

CD: ademais do panel, maqueta e memoria en papel, noutro sobre diferente, achegarase un CD que conterá a reprodución do panel nun arquivo .jpg. O arquivo nomearase co lema e procurarase que teña un tamaño razoable (non maior de 5MB cada un), cunha resolución contida (máx. recomendado, 300 dpi).

Estes arquivos empregaranse por un lado para posibles publicacións e por outro para compilar un CD que conteña todas as propostas.

SOBRE DE IDENTIFICACIÓN: achegarase nun sobre a parte a identificación de acordo co anexo II destas bases, que entregaráse pechado e identificado no exterior mediante o lema elixido polo concursante e a modalidade do concurso ao que se presenta, ademais conterá a identificación e datos de contacto do equipo redactor da proposta, tanto de autores coma de colaboradores.

NON PODERÁ FIGURAR EN NINGÚN DOCUMENTO ESCRITO OU GRÁFICO QUE PERMITA IDENTIFICAR AOS MEMBROS DO EQUIPO REDACTOR, DISTINTO DO LEMA (3 LETRAS E 2 DÍXITOS) BAIXO O QUE SE PRESENTA.

### **MODULO UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL:**

**PANEIS:** presentarase un só cartón pluma formato DIN-A3, con explicación do proxecto, debuxos, imaxes dixitais ou fotos da proposta de deseño.

**MAQUETA:** presentarase unha maqueta do deseño

**DOCUMENTACIÓN:** memoria explicativa en formato papel, coa descrición do proxecto, planos e indicacións que permitan a definición do proxecto deseñado.

**CD:** ademais do panel, maqueta e memoria en papel, noutro sobre diferente, achegarse un CD que conterá a reprodución do panel nun arquivo .jpg. O arquivo nomearase co lema e procurarase que teña un tamaño razoable (non maior de 5MB cada un), cunha resolución contida (máx. recomendado, 300 dpi).

Estes arquivos empregaranse por un lado para posibles publicacións e por outro para compilar un CD que conteña todas as propostas.

**SOBRE DE IDENTIFICACIÓN:** achegarse nun sobre a parte a identificación de acordo co anexo II destas bases, que entregaráse pechado e identificado no exterior mediante o lema elixido polo concursante e a modalidade do concurso ao que se presenta, ademais conterá a identificación e datos de contacto do equipo redactor da proposta, tanto de autores coma de colaboradores.

**NON PODERÁ FIGURAR EN NINGÚN DOCUMENTO ESCRITO OU GRÁFICO QUE PERMITA IDENTIFICAR AOS MEMBROS DO EQUIPO REDACTOR, DISTINTO DO LEMA (3 LETRAS E 2 DÍXITOS) BAIXO O QUE SE PRESENTA.**

### **REHABILITAR EN MADEIRA:**

**PANEIS:** Os proxectos deberán ser presentados mediante documentación fotográfica, presentados en paneis en cartón pluma con formato A1. Presentarán como máximo tres paneis por proxecto. Non se aceptarán maquetas. Os paneis deben incluír os seguintes datos:

- a. Título, situación, planos, croques ou esquema de planta, alzado e sección no seu caso, que permitan dar unha somera idea do proxecto presentado. Cada proxecto deberá ir numerado.
- b. Indicar en lugar visible do panel os elementos en madeira utilizados, o seu acabado, espesor, así como ónde se utilizou e de qué maneira.
- c. Breve descrición do proxecto, identificando o resto dos materiais si os tivera, acabados, superficies, espesores e/ou volumes empregados.
- d. No ángulo inferior dereito de cada un dos paneis, figurará un lema ou título que identifique o proxecto.

**DOCUMENTACIÓN EN CD:** ademais dos paneis, e incluído noutro sobre diferente, achegarse un CD que conterá os paneis en arquivos independentes coas seguintes

características: formato .PDF, tamaño A-4, capas acopladas e unha resolución máxima de 1200 d.p.i. Así mesmo incluírase a Memoria en formato .DOC.

Estes arquivos empregaranse por un lado para posibles publicacións e por outro para compilar un CD que conteña todas as propostas.

**SOBRE DE IDENTIFICACIÓN:** no interior do sobre pechado incluírase, en formato A-4, a ficha de identificación do concursante (anexo II) cos seguintes datos:

- Nome do concursante ou, no seu caso, do representante do equipo.
- Nome do resto de compoñentes do equipo.
- Número de Colexiado e Colexio do representante do equipo en caso de ser arquitecto
- Lema elixido polo concursante ou equipo, situado na esquina superior esquerda.

## **7.- ANONIMATO**

---

Os traballos presentaranse baixo lema, que deberá figurar en todos os documentos, de tal maneira que estes sexan examinados polo Xurado baixo anonimato. A chegarase aos documentos un sobre pechado co lema no seu exterior, o cal conterá un escrito cos datos dos concursantes.

No exterior do sobre indicárase tamén, de forma clara, se, no caso de non resultar premiado, o concursante prefire permanecer no anonimato tanto na exposición pública dos traballos presentados coma na súa posible publicación en papel ou web.

O material recibido será desempaquetado e preparado para o seu exame por persoas alleas ao Xurado, que coidarán de que non se rompa o anonimato das propostas, facendo desaparecer toda referencia ao remitente que puidese haber nos envoltorios dos paquetes ou nos albarás de envío.

Non poderá figurar en ningún documento escrito nin gráfico referencia que permita identificar os membros do equipo redactor, distinto do LEMA (3 letras e 2 díxitos) baixo o que se presenta.

## **8.- CRITERIOS DE VALORACION**

---

O xurado, logo de análise e avaliación dos traballos presentados ao concurso, propondrá a resolución do concurso, observando os seguintes criterios:

- Programa de medidas medioambientais (ata 20 puntos). Incorporación de novas tecnoloxías ecolóxicas e de aforro de enerxía. A Calidade medioambiental de materiais e elementos do mobiliario urbano.
- A calidade técnica da solución (ata 20 puntos). A calidade da proposta arquitectónica considerase de especial importancia na valoración global do Proxecto. Esta debe considerarse desde todos os aspectos compositivos, estéticos e funcionais.
-

- A funcionalidade da proposta (ata 20 puntos). A proposta deberá ter moi en conta o acceso e a mobilidade conforme a normativa de accesibilidade.
- A calidade estética do conxunto (ata 15 puntos).
- A adecuación á contorna (ata 10 puntos). Terase especialmente en conta o cumprimento da Lei do Solo e que o proxecto sexa facilmente integrable na paisaxe.

Poderá así mesmo, mediante informe razoado, propoñer que se declare deserta, en todo ou en parte, a adxudicación dos premios.

## 9.- PREMIOS

---

Establécense os seguintes premios IVE incluído:

### **MÓDULO VIVENDA**

- Primeiro premio: 6.000 euros
- Segundo premio: 3.000 euros
- Dous accésits de: 1.000 euros cada un

### **MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS**

- Primeiro premio: 4.000 euros
- Segundo premio: 2.000 euros
- Dous accésits de: 1.000 euros cada un

### **MODULO DE UNIDADES DOTACIONAIS NO RURAL**

- Primeiro premio: 4.000 euros
- Segundo premio: 2.000 euros
- Dous accésits de: 1.000 euros cada un

### **REHABILITAR EN MADEIRA**

- Primeiro premio: 3.000 euros
- Segundo premio: 2.000 euros
- Dous accésits de: 1.000 euros cada un

## 10.- XURADO

---

a) COMPOSICIÓN:

Presidentes:

- Directora Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda ou persoa en quen delegue.
- Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación ou persoa en quen delegue.
- Director Xeral de Montes e Industrias Forestais ou persoa en quen delegue.
- Un representante do sector privado do Foro ou persoa en quen delegue.



Vogais:

- Un arquitecto designado pola Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia.
- Un arquitecto designado en representación da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.
- Un técnico designado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Un deseñador de renome invitado polo sector privado do foro da madeira.
- Director do CIS-MADEIRA ou persoa en quen delegue.
- Un arquitecto en representación do COAG.
- Un arquitecto en representación da FEGAM.
- Un arquitecto designado polos concursantes.

Secretario (con voz pero sen voto): un representante do Cis Madeira.

O xurado está validamente constituído cando asistan o presidente, o secretario e polo menos a metade dos vogais.

#### b) FUNCIONES

O Xurado procederá á análise de toda a documentación referente ao tema do concurso, a cal quedará permanentemente á súa disposición. Posteriormente comezará a análise das propostas. No caso de que se solicitasen os asesoramentos que se creasen oportunos, chegaranse Actas de Informes.

#### c) CONSTITUCIÓN DE ACORDOS

As decisións do Xurado serán por maioría simple e inapelables.

#### d) ACTA DO FALLO.

O Xurado levantará Acta do Fallo, deixando constancia das propostas premiadas e mencionadas, e o seu xuízo sobre estas. No caso de que algún membro o desexe, poderá facer constar a súa desconformidade e as razóns do seu voto.

Tras o fallo procederase á apertura dos sobres de identificación dos concursantes.

### **11.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS**

---

A propiedade intelectual dos traballos presentados pertence aos autores, cedendo á entidade convocante unicamente os dereitos de explotación correspondentes á exhibición e publicación das súas propostas, conforme á lexislación sobre propiedade intelectual e á normativa que rexe o exercicio da profesión.

A propiedade material da documentación relativa a cada proposta pertencerá á entidade convocante.

Por outra banda, os concursantes que resulten premiados consentirán que a entidade convocante, a colaboradora ou as institucións patrocinadoras presente o traballo seleccionado ao Concurso de Boas Prácticas convocado polo Ministerio de Vivenda.

## **12.- RESOLUCIÓN E DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS**

---

Os concursantes que non fosen premiados poderán retirar os traballos presentados, ben persoalmente, ben por delegación escrita, na mesma dirección na que os entregou, no prazo de 30 días consecutivos ao peche da exposición. A partir deste prazo, procederase á destrución do material.

## **13.- EXPOSICIÓN**

---

O Foro da Madeira con posterioridade á decisión do xurado, organizarán unha exposición e unha publicación cos traballos premiados, sen autorización previa dos seus autores. Poderán igualmente expoñer ou publicar todos os traballos presentados salvo que, con posterioridade á publicación da decisión do xurado e no prazo de 10 días naturais, se indique por escrito a vontade dos seus titulares no senso contrario.

## **14.- OBRIGACIÓN DOS CONCURSANTES**

---

A presentación da solicitude de inscrición comporta a aceptación das Bases.

Os gañadores do primeiro e segundo premio na construción habitacional deberán presentar maqueta no prazo dun mes dende a notificación do fallo.

## **15. - RÉXIME XURÍDICO**

---

As presentes bases teñen carácter de norma rexéndose os seus efectos polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polas normas de dereito civil e mercantil vixentes en materia de contratación.

Todos os concursantes presentarán a súa documentación, así como todo tipo de correspondencia escrita que establezan coa Secretaria do Concurso en relación ao presente concurso, en lingua galega ou en castelán.

## ANEXO I: MODELO DE INSCRIPCIÓN

LEMA: \_\_\_\_\_

Dirección de correo electrónico ou número de fax para recibir as notificacións do concurso:

\_\_\_\_\_

Decatado do concurso convocado polo Foro da Madeira denominado " **CONCURSO DE ANTEPROXECTOS DE VIVENDA EN MADEIRA, CONCURSO DE DISEÑO DE ELEMENTOS DE MOBILIARIO PARA ESPACIOS PÚBLICOS, CONCURSO DE DESEÑO DE UNIDADES DOTACIONALES EN MADEIRA E PREMIO PARA A REHABILITACIÓN E A RECONSTRUCCIÓN EN MADEIRA**" manifesta a capacidade para concorrer, así como o coñecemento das Bases que o regulan, e solicita que se acepte a súa participación en: (marcar cunha cruz)

MÓDULO VIVENDA	<input type="checkbox"/>
MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS	<input type="checkbox"/>
MÓDULO UNIDADE DOTACIONAL NO RURAL	<input type="checkbox"/>
REHABILITAR EN MADEIRA	<input type="checkbox"/>

Designo como o meu representante no xurado do concurso o arquitecto Colexiado residente no \_\_\_\_\_ Colexio \_\_\_\_\_ Oficial de Arquitectos de Galicia a D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

Asi mesmo, comprométome, no seu caso ao visado do proxecto en caso de que me sexa encomendada a súa redacción.

Data:

Asinado:

Enviar a:

Cis Madeira, Parque Tecnolóxico de Galicia - 32901 San Cibrao das Viñas – Ourense.  
Teléfono: 988 36 81 52 - Fax: 988 36 81 53

## ANEXO II: FICHA DE IDENTIFICACIÓN DO CONCURSANTE

Decatado do concurso convocado polo Foro da Madeira denominado " **CONCURSO DE ANTEPROXECTOS DE VIVENDA EN MADEIRA, CONCURSO DE DISEÑO DE ELEMENTOS DE MOBILIARIO PARA ESPACIOS PÚBLICOS, CONCURSO DE DESEÑO DE UNIDADES DOTACIONALES EN MADEIRA E PREMIO PARA A REHABILITACIÓN E A RECONSTRUCCIÓN EN MADEIRA**" manifesta a capacidade para concorrer, así como o coñecemento das Bases que o regulan, e solicita que se acepte a súa participación en: (marcar cunha cruz)

MÓDULO VIVENDA	
MOBILIARIO ESPAZOS PÚBLICOS	
MÓDULO UNIDADE DOTACIONAL NO RURAL	
REHABILITAR EN MADEIRA	

así como o coñecemento das Bases que o regulan, e conforme ao establecido nas bases, achega este boletín debidamente asinado en orixinal por todos os concursantes que concorren en calidade de autores da proposta;

### AUTORES DA PROPOSTA:

Don/Doña: \_\_\_\_\_ D.N.I. \_\_\_\_\_  
Colexiado nº \_\_\_\_\_ do Colexio Oficial de Arquitectos de \_\_\_\_\_

Don/Doña: \_\_\_\_\_ D.N.I. \_\_\_\_\_  
Colexiado nº \_\_\_\_\_ do Colexio Oficial de Arquitectos de \_\_\_\_\_  
(...)

### DATOS PARA NOTIFICACIÓNS:

Don/Doña: \_\_\_\_\_  
Domicilio en: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_  
Rúa/Praza: \_\_\_\_\_  
Teléfono fijo: \_\_\_\_\_ Teléfono móvil: \_\_\_\_\_  
Fax: \_\_\_\_\_  
Correo electrónico: \_\_\_\_\_

LEMA DA PROPOSTA: \_\_\_\_\_

Lugar, data e sinatura de todos os autores da proposta

### ANEXO III: NORMATIVA DE APLICACIÓN

- RD 314/2006 do Código Técnico da Edificación (CTE)
- D 262/2007, das normas do habitat galego (NHG)
- Decreto 35/2000 de desenrrolo dá Lei 8/97 de eliminación de barreiras arquitectónicas e accesibilidade.
- Medidas de accesibilidade en los edificios RD 556/1989
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada por la lei 15/2004 de 29 de decembro. (<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es>)
- RD 348/2000, de 10 de marzo, por el que se incorpora al ordenamiento jurídico la Directiva 98/58/CE, relativa a la protección de los animales en las explotaciones ganaderas. (<http://www.mapa.es/es/ganaderia/pags/bienestar/granja.htm>)
- RD 1047/1994, de 20 de mayo, relativo a las normas mínimas para la protección de terneros, modificado por el RD 229/1998 de 16 de febrero. (<http://www.mapa.es/es/ganaderia/pags/bienestar/granja.htm>)
- RD 1135/2002, de 31 de octubre, relativo a las normas mínimas para la protección de cerdos. (<http://www.mapa.es/es/ganaderia/pags/bienestar/granja.htm>)
- RD 3/2002, de 11 de enero, por el que se establecen las normas mínimas de protección de las gallinas ponedoras. (<http://www.mapa.es/es/ganaderia/pags/bienestar/granja.htm>)
- RD 1084/2005, de 16 de septiembre, de ordenación de la avicultura de carne. (<http://www.mapa.es/es/ganaderia/pags/bienestar/granja.htm>)